LUNS **16 DECEMBRO** 2019 • ANO XIV - Nº 565 • Correo: liderlugo@lavoz.es
La Voz de Galicia
1 Líder



# DEFINIDOS OS PROVINCIAIS DE F-8

**PREBENXAMÍN**
Porto Burela
RC Villalbés
CD Lugo
ADC Piringalla
CD Corgo
AD Ferroviaria
SDC Residencia
SCD Milagrosa

**BENXAMÍN**
CD Lugo
Porto Burela
RC Villalbés
Stgo. de Foz
CP Lucense
SCD Milagrosa
EF Polvorín
ADC Piringalla

**ALEVÍN**
Porto Burela
CD Lugo
UD Xove Lago
Mondoñedo
SDC Residencia
CP Casás
EF Polvorín
SCD Milagrosa

**Tralo parón de Nadal darán comezo as fases finais de fútbol oito.** As prazas nas tres categorías xa están asignadas para os equipos que loitarán polo título e por unha das dúas primeiras posicións que dan opción a disputar os Campionatos Galegos

## XUVENIL D. DE HONRA

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| R. Santander – Conxo | 5–2 |
| Deportivo – Calasanz | 0–0 |
| CD Lugo – Perinés | 0–1 |
| TSK Roces – R. Avilés | 0–1 |
| Ural – Val Miñor | 3–1 |
| Bansander – R. Oviedo | 1–1 |
| RC Celta – Marina Sp. | 7–1 |
| Sp. Gijón – R. Ferrol | 5–0 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTOS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| RC CELTA | 41 | 15 | 13 | 2 | 0 | 42 | 11 |
| SPORTING GIJÓN | 37 | 15 | 11 | 4 | 0 | 46 | 11 |
| RC DEPORTIVO | 28 | 15 | 8 | 4 | 3 | 21 | 12 |
| REAL OVIEDO | 26 | 15 | 8 | 2 | 5 | 26 | 21 |
| R SANTANDER | 25 | 15 | 7 | 4 | 4 | 30 | 22 |
| BANSANDER | 25 | 15 | 7 | 4 | 4 | 18 | 13 |
| CONXO SANTIAGO | 22 | 15 | 6 | 4 | 5 | 18 | 24 |
| ATL PERINES | 18 | 15 | 5 | 3 | 7 | 13 | 23 |
| URAL CF | 17 | 15 | 4 | 5 | 6 | 16 | 19 |
| TSK ROCES | 16 | 15 | 5 | 1 | 9 | 18 | 28 |
| REAL AVILÉS CF | 16 | 15 | 4 | 4 | 7 | 13 | 23 |
| ED VAL MIÑOR | 15 | 15 | 4 | 3 | 8 | 18 | 23 |
| **CD LUGO** | **13** | **15** | **3** | **4** | **8** | **17** | **25** |
| RACING FERROL | 13 | 15 | 3 | 4 | 8 | 14 | 27 |
| CD CALASANZ | 12 | 15 | 3 | 3 | 9 | 14 | 24 |
| MARINA SPORT | 9 | 15 | 2 | 3 | 10 | 13 | 31 |

### PRÓXIMA XORNADA

R. Oviedo – Marina Sp.
TSK Roces – Celta
Ural – R. Ferrol
CD Lugo – Calasanz
R. Santander – At. Perinés
Bansander – Val Miñor
Deportivo – R. Avilés
Sp. Gijón – Conxo

## XUVENIL LIGA NACIONAL

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Alondras – RC Celta B | 0–3 |
| CD Areosa – Ourense CF | 4–2 |
| Porriño – Val Miñor B | 0–2 |
| RC Villalbés – Deportivo B | 1–2 |
| EF Lalín – CD Lugo B | 1–0 |
| Choco – Valladares | 3–0 |
| O Val – Pontevedra | 0–3 |
| UD Ourense – Pabellón | 0–2 |
| R. Bouzas – Victoria CF | 2–4 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTOS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| R.C. CELTA "B" | 40 | 15 | 13 | 1 | 1 | 49 | 10 |
| DEPORTIVO "B" | 34 | 15 | 11 | 1 | 3 | 40 | 17 |
| C.D. AREOSA | 32 | 15 | 9 | 5 | 1 | 29 | 19 |
| PABELLON C.F. | 28 | 15 | 8 | 4 | 3 | 23 | 12 |
| C.D. CHOCO | 27 | 15 | 8 | 3 | 4 | 24 | 20 |
| PONTEVEDRA C.F. | 26 | 15 | 8 | 2 | 5 | 21 | 16 |
| ALONDRAS C.F. | 24 | 15 | 7 | 3 | 5 | 21 | 20 |
| OURENSE C.F. | 23 | 14 | 6 | 5 | 3 | 24 | 16 |
| **C.D. LUGO "B"** | **23** | **15** | **7** | **2** | **6** | **25** | **23** |
| RAPIDO BOUZAS | 21 | 15 | 5 | 6 | 4 | 19 | 20 |
| VICTORIA C.F. | 18 | 15 | 5 | 3 | 7 | 19 | 21 |
| VALLADARES | 17 | 15 | 5 | 2 | 8 | 20 | 28 |
| VAL MIÑOR "B" | 13 | 15 | 3 | 4 | 8 | 15 | 33 |
| E.F. LALIN | 13 | 15 | 4 | 1 | 10 | 15 | 28 |
| S.D. O VAL | 12 | 15 | 3 | 3 | 9 | 12 | 31 |
| U.D. OURENSE | 11 | 15 | 3 | 2 | 10 | 18 | 27 |
| **RC VILLALBES** | **8** | **14** | **1** | **5** | **8** | **9** | **25** |
| PORRIÑO C.F. | 4 | 15 | 0 | 4 | 11 | 11 | 28 |

### PRÓXIMA XORNADA

R. Bouzas – RC Celta B
Valladares – EF Lalín
Ourense CF – Alondras
Pontevedra – Choco
Val Miñor B – CD Areosa
Pabellón – O Val
Deportivo B – Porriño
Victoria – UD Ourense
CD Lugo B – RC Villalbés

## XUVENIL L. GALEGA NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| As Pontes – Residencia | 1–2 |
| Ural B – R. Ferrol B | 0–2 |
| Dumbria – Compostela | 0–1 |
| Montañeros – G. Caranza | 0–0 |
| Conxo B – San Tirso | 2–3 |
| Orillamar – RC Villalbés B | 0–0 |
| Estrada FB – Bergantiños | 0–0 |
| Victoria B – Viveiro CF | 3–5 |
| Boiro – Calasanz B | 1–2 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTOS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| S.D. COMPOSTELA | 36 | 15 | 11 | 3 | 1 | 34 | 13 |
| CALASANZ "B" | 28 | 15 | 9 | 1 | 5 | 20 | 11 |
| R. FERROL "B" | 27 | 15 | 8 | 3 | 4 | 21 | 14 |
| SAN TIRSO S.D. | 25 | 15 | 8 | 1 | 6 | 28 | 28 |
| C.D. BOIRO | 25 | 15 | 7 | 4 | 4 | 24 | 20 |
| MONTAÑEROS C.F. | 25 | 15 | 6 | 7 | 2 | 19 | 18 |
| BERGANTIÑOS | 23 | 15 | 6 | 5 | 4 | 24 | 18 |
| C.D. CONXO "B" | 21 | 15 | 5 | 6 | 4 | 29 | 17 |
| URAL C.F. "B" | 21 | 15 | 6 | 3 | 6 | 22 | 12 |
| C.F. DUMBRIA | 21 | 15 | 6 | 3 | 6 | 21 | 21 |
| C.D. AS PONTES | 19 | 15 | 5 | 4 | 6 | 26 | 17 |
| G. CARANZA | 18 | 15 | 5 | 3 | 7 | 18 | 25 |
| ORILLAMAR S.D. | 18 | 15 | 5 | 3 | 7 | 20 | 28 |
| **VIVEIRO C.F.** | **17** | **15** | **5** | **2** | **8** | **23** | **40** |
| ESTRADA FB | 14 | 15 | 2 | 8 | 5 | 15 | 17 |
| **S.D. RESIDENCIA** | **14** | **15** | **3** | **5** | **7** | **11** | **20** |
| **VILLALBES "B"** | **14** | **15** | **4** | **2** | **9** | **15** | **29** |
| VICTORIA C.F. "B" | 7 | 15 | 2 | 1 | 12 | 14 | 36 |

### PRÓXIMA XORNADA

Boiro – Residencia
Villalbés B – Conxo B
R. Ferrol B – As Pontes
Bergantiños – Orillamar
Compostela – Ural B
Viveiro CF – Estrada
G. Caranza – Dumbría
Calasanz B – Victoria B
San Tirso – Montañeros

## CADETE DIVISIÓN HONRA

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Bertamiráns – Calasanz | 1–4 |
| Ural – R. Ferrol | 0–1 |
| Ponteverda – X. Oroso | 2–2 |
| San Tirso – Deportivo | 0–3 |
| Arosa SC – CD Lugo | 2–2 |
| Conxo – RC Celta | 0–6 |
| Val Miñor – AJ Lérez | 3–1 |
| Victoria CF – Pabellón | 1–2 |
| Coruxo – Bergantiños | 2–0 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| R.C. DEPORTIVO | 45 | 15 | 15 | 0 | 0 | 50 | 5 |
| R.C.CELTA S.A.D. | 40 | 15 | 13 | 1 | 1 | 60 | 9 |
| URAL C.F. | 28 | 15 | 8 | 4 | 3 | 21 | 12 |
| SAN TIRSO S.D. | 27 | 15 | 8 | 3 | 4 | 23 | 13 |
| E.D. VAL MIÑOR | 25 | 15 | 8 | 1 | 6 | 23 | 23 |
| **C.D. LUGO** | **25** | **15** | **8** | **1** | **6** | **17** | **24** |
| C.D. CALASANZ | 24 | 15 | 6 | 6 | 3 | 22 | 15 |
| PABELLON C.F. | 20 | 15 | 6 | 2 | 7 | 17 | 17 |
| C.D. CONXO | 20 | 15 | 5 | 5 | 5 | 19 | 24 |
| VICTORIA C.F. | 20 | 15 | 6 | 2 | 7 | 18 | 14 |
| AROSA S.C. | 19 | 15 | 5 | 4 | 6 | 23 | 34 |
| PONTEVEDRA C.F. | 18 | 15 | 4 | 6 | 5 | 16 | 20 |
| CORUXO F.C. | 16 | 15 | 4 | 4 | 7 | 16 | 19 |
| RACING FERROL | 16 | 15 | 4 | 4 | 7 | 18 | 21 |
| E.D. XUV. OROSO | 12 | 15 | 2 | 6 | 7 | 15 | 26 |
| BERGANTIÑOS C.F. | 10 | 15 | 1 | 7 | 7 | 13 | 27 |
| BERTAMIRANS C.F. | 7 | 15 | 2 | 1 | 12 | 9 | 41 |
| A.J. LEREZ | 3 | 15 | 0 | 3 | 12 | 6 | 42 |

### PRÓXIMA XORNADA

Coruxo – Calasanz
RC Celta – Arosa SC
R. Ferrol – Bertamiráns
AJ Lérez – Conxo
X. Oroso – Ural CF
Pabellón – Val Miñor
Deportivo – Pontevedra
Bergantiños – Victoria CF
CD Lugo – San Tirso

## CADETE L. GALEGA NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Bergantiños B – Milagrosa | 0–0 |
| Ural B – Imperator | 1–2 |
| R. Ferrol B – Compostela | 0–0 |
| Montañeros – G. Caranza | 2–1 |
| Conxo B – San Tirso B | 2–1 |
| Deportivo B – RC Villalbés | 4–0 |
| Estrada – Dumbria | 1–2 |
| CD Lugo B – Viveiro CF | 5–0 |
| Boiro – Calasanz B | 2–0 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| DEPORTIVO "B" | 41 | 15 | 13 | 2 | 0 | 45 | 11 |
| E.F.M BOIRO | 35 | 15 | 11 | 2 | 2 | 28 | 12 |
| S.D. COMPOSTELA | 32 | 15 | 10 | 2 | 3 | 37 | 12 |
| MONTAÑEROS C.F. | 31 | 15 | 9 | 4 | 2 | 29 | 8 |
| IMPERATOR O.A.R. | 28 | 15 | 9 | 1 | 5 | 34 | 17 |
| URAL C.F. "B" | 25 | 15 | 7 | 4 | 4 | 24 | 18 |
| SAN TIRSO S.D. "B" | 23 | 15 | 7 | 2 | 6 | 15 | 21 |
| GALICIA CARANZA | 22 | 15 | 7 | 1 | 7 | 29 | 22 |
| **C.D. LUGO "B"** | **21** | **15** | **6** | **3** | **6** | **14** | **15** |
| **MILAGROSA** | **21** | **15** | **5** | **6** | **4** | **18** | **15** |
| C.D. CONXO "B" | 18 | 15 | 5 | 3 | 7 | 17 | 19 |
| C.F. DUMBRIA | 16 | 15 | 5 | 1 | 9 | 21 | 29 |
| BERGANTIÑOS "B" | 15 | 15 | 4 | 3 | 8 | 15 | 38 |
| R. FERROL "B" | 15 | 15 | 4 | 3 | 8 | 18 | 28 |
| **VIVEIRO C.F.** | **13** | **15** | **4** | **1** | **10** | **14** | **28** |
| CALASANZ "B" | 10 | 15 | 2 | 4 | 9 | 10 | 40 |
| **RC VILLALBES** | **8** | **15** | **1** | **5** | **9** | **13** | **27** |
| ESTRADA FB | 6 | 15 | 1 | 3 | 11 | 14 | 35 |

### PRÓXIMA XORNADA

Boiro – Milagrosa
RC Villalbés – Conxo B
Imperator – Bergantiños B
Dumbría – Deportivo B
Compostela – Ural B
Viveiro CF – Estrada FB
G. Caranza – R. Ferrol B
Calasanz B – CD Lugo B
San Tirso B – Montañeros

## INFANTIL GALEGA NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Bertamiráns – Salvora | 8–0 |
| Ural CF – X. Oroso | 0–5 |
| R. Ferrol – Montañeros | 1–0 |
| San Tirso – Conxo | 1–2 |
| G. Caranza – Calasanz | 2–4 |
| Deportivo – Narón | 9–1 |
| Victoria CF – Victoria FC | 1–6 |
| CD Lugo – SD Viveiro A | 4–1 |
| EF Lalín – Bergantiños | 1–2 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| R.C. DEPORTIVO | 45 | 15 | 15 | 0 | 0 | 77 | 3 |
| BERTAMIRANS F.C. | 36 | 15 | 12 | 0 | 3 | 37 | 10 |
| E.D. XUV. OROSO | 33 | 15 | 10 | 3 | 2 | 35 | 14 |
| C.D. CONXO | 31 | 15 | 10 | 1 | 4 | 40 | 23 |
| URAL C.F. | 31 | 15 | 10 | 1 | 4 | 30 | 16 |
| C.D. CALASANZ | 26 | 15 | 8 | 2 | 5 | 40 | 24 |
| **C.D. LUGO** | **26** | **15** | **8** | **2** | **5** | **27** | **15** |
| VICTORIA F.C. | 25 | 15 | 7 | 4 | 4 | 30 | 24 |
| RACING FERROL | 24 | 15 | 7 | 3 | 5 | 29 | 24 |
| GALICIA CARANZA | 18 | 15 | 6 | 0 | 9 | 26 | 30 |
| S.D.C. NARÓN | 16 | 15 | 5 | 1 | 9 | 18 | 38 |
| BERGANTIÑOS C.F. | 16 | 15 | 5 | 1 | 9 | 20 | 26 |
| MONTAÑEROS C.F. | 15 | 15 | 4 | 3 | 8 | 29 | 41 |
| **S.D. VIVEIRO "A"** | **15** | **15** | **4** | **3** | **8** | **23** | **37** |
| SAN TIRSO S.D. | 13 | 15 | 4 | 1 | 10 | 17 | 51 |
| E.F. LALIN | 10 | 15 | 3 | 1 | 11 | 18 | 53 |
| VICTORIA C.F. | 8 | 15 | 2 | 2 | 11 | 18 | 38 |
| SALVORA, C.F. | 3 | 15 | 1 | 0 | 14 | 10 | 57 |

### PRÓXIMA XORNADA

EF Lalín – Salvora
Narón – G. Caranza
X. Oroso – Bertamiráns
Victoria FC – Deportivo
Montañeros – Ural
SD Viveiro – Victoria CF
Conxo – R. Ferrol
Bergantiños – CD Lugo
Calasanz – San Tirso




## CADETE 1º Aut. NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| SD Viveiro – Burela SD | 0–5 |
| RC Villalbés B – CD Foz | 1–8 |
| Lourenzá – SD Ribadeo | 1–7 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| SD RIBADEO | 27 | 9 | 9 | 0 | 0 | 38 | 2 |
| C.D. FOZ | 21 | 9 | 7 | 0 | 2 | 34 | 15 |
| BURELA S.D. | 18 | 9 | 6 | 0 | 3 | 35 | 10 |
| E.D. LOURENZA | 9 | 9 | 3 | 0 | 6 | 18 | 39 |
| RC VILLALBES "B" | 6 | 9 | 2 | 0 | 7 | 13 | 32 |
| S.D. VIVEIRO | 0 | 9 | 0 | 0 | 9 | 7 | 47 |

### ÚLTIMA XORNADA

RC Villalbés B – SD Viveiro
SD Ribadeo – CD Foz
Burela SD – ED Lourenzá

## CADETE 1º Aut. CENTRO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Sagrado – CP Casás | 0–2 |
| Piringalla A – Residencia B | 7–3 |
| Polvorín A – Castro | 10–0 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| EF POLVORIN "A" | 32 | 12 | 10 | 2 | 0 | 39 | 2 |
| PIRINGALLA "A" | 26 | 11 | 8 | 2 | 1 | 33 | 6 |
| C.P. CASÁS | 21 | 11 | 7 | 0 | 4 | 24 | 11 |
| C.D. CASTRO | 13 | 11 | 4 | 1 | 6 | 22 | 41 |
| A.D. FERROVIARIA | 10 | 11 | 3 | 1 | 7 | 11 | 45 |
| SAGRADO C. | 6 | 11 | 2 | 0 | 9 | 10 | 24 |
| RESIDENCIA "B" | 5 | 11 | 1 | 2 | 8 | 18 | 28 |

### ÚLTIMA XORNADA

Casás – Ferroviaria
Residencia B – Sagrado
Castro – Piringalla A

## CADETE 1º Aut. SUR

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Becerreá – Piringalla B | 4–0 |
| Monterroso – Residencia A | 3–2 |
| Sarriana – Polvorín B | 4–1 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| S.D. BECERREA | 24 | 9 | 8 | 0 | 1 | 50 | 2 |
| RESIDENCIA "A" | 22 | 9 | 7 | 1 | 1 | 15 | 11 |
| S.D. MONTERROSO | 16 | 9 | 5 | 1 | 3 | 19 | 11 |
| S.D. SARRIANA | 11 | 9 | 3 | 2 | 4 | 10 | 13 |
| EF POLVORIN "B" | 4 | 9 | 1 | 1 | 7 | 7 | 31 |
| PIRINGALLA "B" | 1 | 9 | 0 | 1 | 8 | 4 | 37 |

### ÚLTIMA XORNADA

Residencia A – Becerreá
Polvorin B – Monterroso
Piringalla B – Sarriana


Porto anticipándose a dous xogadores do Perinés


Losada recibindo unha falta dun dianteiro cántabro


Gómez tras pasar un balón presionado por un rival

# Balas de fogueo para rematar unha primeira volta para olvidar

**O LUGO CAE EN DESCENSO** tras un partido marcado pola falta de contundencia nas chegadas da primeira parte, xogando practicamente toda a segunda en inferioridade numérica


Shuster controlando o balón ante un rival en medio campo


Luis avanza logo de superar a entrada dun defensa

CD LUGO **0** – **1** PERINES

**Goles:** Alejandro.




**Árbitro:** Javier Pérez Prado. Adrián Calvín e Adrián López **Campo:** Municipal A Cheda

Final da primeira volta na División de Honra xuvenil, e o Lugo péchaa en postos de descenso tras perder co Perines por cero a un na Cheda. Quince partidos teñen por diante os de Subirán para enderezar o rumbo na segunda volta tras unha primeira para esquecer.

O partido ante o Perines tivo tintes de última xornada, a presión atenazou aos xogadores e ata Losada terminou o partido intentando rematar un córner á desesperada.

Ata entón o Lugo tivera o partido baixo control, sen alardes, nunha primeira parte na que competiron con balas de fogueo ao xerar chegadas, centros e ocasións, pero sen a contundencia necesaria para inaugurar o marcador.

O Perines fixo o seu partido replegado, con fútbol directo e buscando o seu momento, que chegou na segunda parte. Na primeira, Xabi, cun disparo que desviou o porteiro cántabro, e un man a man de Óscar que despexou un defensa visitante, foron as ocasións máis claras para romper o cero a cero inicial.

Tralo descanso mantíñase o mesmo guión ata que Xabi Domínguez viu a segunda tarxeta amarela nos primeiros minutos. Practicamente sen tempo para asimilar a inferioridade numérica, o Perines aproveitou o seu momento e pescou en río revolto cun golazo para encher de dúbidas a un Lugo que, a partir de aí, xogou a última media hora con máis corazón que cabeza.

As imprecisións acumuláronse e tan só Gómez, nunha das últimas accións, xa con Losada tamén en área rival, dispuxo dunha ocasión á saída dun córner para poder rabuñar un punto ante un Perines que fuxe da queima do descenso ao alcanzar os 18 puntos, cinco máis que o Lugo, e sitúase oitavo na táboa clasificatoria.

O Lugo despedirá o 2019 coa primeira xornada da segunda volta recibindo na Cheda ao Calasanz, rival ao que se impuxeran na xornada inaugural por un gol a tres na Coruña.

**3**

**VICTORIAS** na primeira volta, catro no terreo de xogo tras perder nos despachos os tres puntos ante un Real Avilés que xa está por riba na táboa clasificatoria

**13**

**PUNTOS** en 15 xornadas logo de tres vitorias e catro empates. A permanencia a tempada pasada estivo en 33 puntos, polo que será necesario melloralos resultados na segunda volta para acadala




Anxo presionando a saída de balón do Deportivo B


Abel a piques de regatear a un xogador herculino


Rares co balón ante Abel e entre tres defensas rivais

# O Rácing volve morrer na beira

**O DEPORTIVO B LEVOUSE O BOTÍN DO ROCA NO TREITO FINAL** tras asinar o Villalbés unha vez máis un partido moi completo, no que someteron aos herculinos e incluso fallaron un penalti

| RC VILLALBÉS | 1 | 2 | DEPORTIVO B |
|---|---|---|---|
| **Gol:** Speedy | | | **Goles:** Jairo e Hugo |




**Árbitro:** Iván Abel, Brais García e Hugo Baldomar **Campo:** Estadio Roca, Vilalba

O Rácing Villalbés volveu ver como se escapaba todo o botín en xogo nos minutos finais dun encontro e, de novo, tras asinar un bo partido.

**“ESTAMOS TOCADOS, PERO MUY VIVOS Y MÁS FUERTES DESPUÉS DEL BUEN PARTIDO QUE REALIZÓ EL EQUIPO ANTE TODO UN DEPORTIVO. AHORA A PENSAR YA EN EL DERBI DE LA PRÓXIMA JORNADA”** CHOLAS - Villalbés

Nesta ocasión foi o Deportivo B o que desnivelou o marcador na recta final, cun gol a falta de dez minutos tras verse os herculinos contra as cordas durante gran parte do segundo tempo.

Ata entón o partido non empezou ben para os intereses do Rácing, xa que aos cinco minutos o Deportivo B inaugurou o marcador tras unha contra na que Édgar detivo un primeiro remate, pero non puido facer nada no rexeite.

O fútbol directo e as disputas acapararon moito protagonismo sobre un terreo de xogo que, co paso dos minutos, foise poñendo cada vez máis pesado.

O Villabés reaccionou e empatou tras un saque longo de Édgar no que Speedy, que xogou de dianteiro este encontro, gañoulle a partida aos centrais para asinar o empate a un.

As forzas volvéronse igualar no marcador e no terreo de xogo, chegándose ao descanso coas espadas en todo o alto.

Nada máis empezar a segunda parte, no primeiro minuto, Rares forzou un penalti que el mesmo lanzou, pero o porteiro herculino gañoulle a partida detendo a pena máxima.

O Rácing estaba mellor e foi a polo partido con descaro ante un Deportivo B que, á contra, tivo un man a man ante Édgar cun remate que se foi desviado, mentres que o Villalbés acariñou o dous a un cun remate de Speedy ante o que se luciu o porteiro herculino.

As táboas parecían inamovibles ata que chegou o xerro de auga fría cun golazo do Deportivo B a falta de dez minutos.

De novo cruel desenlace final para un Villalbés que visita ao Lugo B na próxima xornada na Cheda.

**OS MELLORES**

**RC VILLALBÉS**

- **GABRI**
- **SPEEDY**
- **ABEL**

# O Lugo B pon de novo o contador a cero antes do derbi

**DOMINIO ESTÉRIL DOS DE BRAIS PRADOS** practicamente durante todo o partido ante un Lalín que saíu con vida da primeira parte, e que tralo gol pechouse por completo

**1**

**DERBI PARA DESPEDIR O ANO** O Rácing Villalbés será o último rival antes do parón de Nadal. O Lugo B recibirá aos chairegos na Cheda o próximo sábado

**5**

**ENCONTROS** despois o Lugo B perdeu un encontro. Os capitalinos non caían derrotados na Liga Nacional xuvenil dende principios do mes de novembro


Iago Fernández sacando un centro nun partido na Cheda

| EF LALÍN | 1 | 0 | CD LUGO B |
|---|---|---|---|
| **Gol:** Juan | | | |




**Árbitro:** Óscar Martínez, Miguel Teijeiro e Adrián Ponte **Campo:** Manuel Anxo Cortizo

O Lalín puxo fin á xeira de cinco xornadas consecutivas sen perder do Lugo B na Liga Nacional xuvenil. Fíxoo cun solitario gol nun partido no que os lucenses perdoaron na primeira parte ocasións claras para poñerse por diante no marcador, e na segunda, tras encaixar o un a cero, non atoparon o camiño para romper a poboada defensa local.

O Lugo B tivo o control do xogo desde os primeiros minutos, presionando en campo rival e roubando o balón en tres cuartos de campo para xerar ocasións, sendo as máis claras senllos remates de Juan Carlos, Manu e Leandro ante os que o porteiro local luciuse para manter o cero a cero ata chegar ao descanso, tras unha primeira parte na que o Lalín estivo replegado e saíu á contra en contadas ocasións.

O guión mantívose tralo paso polos vestiarios ata que os locais executaron o seu plan. Unha perda de balón do Lugo B orixinou unha contra por banda con centro e remate no segundo pau para inaugurar o marcador co un a cero ao fío da hora de partido.

Con máis de media hora por diante o Lugo B armouse de paciencia para derrubar a poboada defensa local, pero aos de Brais Prados faltoulles un pouco de ritmo con balón para superar liñas e poder xerar ocasións para, como mínimo, salvar un punto.

### Derbi Provincial

O vindeiro sábado a partir das 18:15 na Cheda, o Lugo B recibirá ao Rácing Villalbés no derbi Provincial da Liga Nacional xuvenil. Un dos encontros máis esperados do curso que poñerá ademais o punto e final ao 2019. Os chairegos chegan máis necesitados de puntos a un partido que se disputará unha vez que termine o derbi de Terceira División entre o Polvorín e o Rácing Villalbés.

# A Residencia reconciliouse coa vitoria nas Pontes

**SEIS XORNADAS DESPOIS,** os de Adrián Vázquez volveron saborear os tres puntos para subirse ao vagón da permanencia na Liga Galega xuvenil

| AS PONTES | 1 | 2 | SDC RESIDENCIA |
|---|---|---|---|
| Gol: Vicente | | | Goles: García e Dani. |




**Árbitro:** Diego Bouza, Daniel Fernández e Eduardo Morales **Campo:** O Poblado, As Pontes

**3**

**VITORIA** do curso para unha Residencia que puntuou en seis dos últimos oito encontros disputados na Liga Galega xuvenil con dúas derrotas, catro empates e dúas vitorias



Jony sacando de porta nun encontro disputado na Cheda esta tempada

**"AGARDO QUE ESTA VITORIA NOS SIRVA PARA PODER VARIAR O RUMBO NO QUE ESTÁBAMOS DE CARA AO RESTO DA TEMPADA"** ADRIÁN VÁZQUEZ - SDC Residencia

A Residencia colleu o tren da permanencia tras volver á senda da vitoria nas Pontes, nun encontro no que os de Adrián Vázquez xeraron moitas ocasións, demasiadas para un resultado final tan axustado.

O encontro estivo condicionado ao longo dos noventa minutos polo vento. Na primeira parte os branquiazuis tivérono en contra e o As Pontes, con fútbol directo, intentou meter á Residencia no seu campo. Con todo, os lucenses atoparon vías para atacar, e sobre todo por banda dereita, con Ángel e Cancio mantiveron un goteo constante de ocasións claras.

Con todo, os goles chegarían en accións a balón parado tras senllos saques de esquina. O cero a un na primeira parte cun remate de David, e o cero a dous na segunda metade con remate de García ao fondo das mallas.

Entre ambos goles, Roi, Cancio e Conde tiveron ocasións claras para sentenciar a un As Pontes que chegou con vida ao tramo final tras recortar distancias co un a dous a falta de vinte minutos para o final, tempo no que expulsaron a un xogador local e no que a Residencia volveu estar moito máis preto do un a tres que do empate a dous, nun partido con moitas ocasións e con dous goles anulados por fóra de xogo a Conde.

**OS MELLORES**

**RESIDENCIA**

| |
|---|
| GARCÍA |
| DANI |
| FONSECA |

**14**

**PUNTOS** teñen Residencia, Estrada e Racing Villalbés B, todos a tres da permanencia que marca o Viveiro con 17 a falta de dúas xornadas para rematala primeira volta da Liga Galega xuvenil, nas que os da Cheda xogarán ante o Boiro, a domicilio e Racing de Ferrol B na casa na primeira xornada do 2020

# O Viveiro cumple na Coruña

| VICTORIA B | 3 | 5 | VIVEIRO CF |
|---|---|---|---|
| Goles: Adrián (2) e Juan. | | | Goles: Albert, Jorge (2), Diego e Canovas. |




**Árbitro:** Pedro Oreiro, Álvaro Rodríguez e Jose Ramudo

**TRIUNFO VITAL** ante o Victoria B, colista da competición



Os celestes na xa tradicional foto tras vitoria ao remate do encontro

**"FINAL QUE HABÍA QUE GANAR Y ASÍ LO HICIMOS, NOS QUEDA OTRA EL PRÓXIMO FIN DE SEMANA PARA TERMINAR EL AÑO BIEN"** ANTONIO SERRANO - Viveiro

O Viveiro viaxou á Coruña para medirse co último clasificado, o Victoria B, nun partido sen marxe de erro, e os celestes estiveron á altura para levarse tres puntos que lles manteñen fóra dos postos de descenso a falta de dúas xornadas para rematar a primeira volta na Liga Galega xuvenil.

A cita na Coruña era vital pero tamén o é a última do 2019 na que reciben no Marcos Gómez a un rival directo como é o Estrada. Unha vitoria poñería terra polo medio co descenso e daría moita tranquilidade para afrontar o parón de Nadal.

Ante o Victoria B o Viveiro non empezou enchufado, con exceso de imprecisións no xogo, pero co paso dos minutos fóronse asentando e mostraron a súa superioridade.

No ecuador da primeira parte Jorge fixo o cero a un tras unha acción ensaiada á saída dun córner, e antes do descanso Diego aproveitou un balón ao espazo de Jorge para acudir de novo á súa cita co gol e levar o marcador ata o cero a dous ao final da primeira parte.

Ao comezo da segunda, de novo a pizarra deu os seus froitos cunha nova xogada ensaiada que supuxo o cero a tres, de novo por medio de Jorge tras outro saque de esquina, e pouco despois Albert sentenciou o encontro co cero a catro.

A partir de aí, Serrano, Xaime e os seus xogadores empezaron a pensar no Estrada, baixaron o ritmo e perderon o control ante un Victoria B que puido maquillar o resultado con dous goles antes de que Canovas fixese o quinto do Viveiro, e xa na última xogada os herculinos pecharon o marcador.

**OS MELLORES**

**VIVEIRO CF**

| |
|---|
| DIEGO |
| JORGE |
| ALBERT |

# O Villalbés B segue dando motivos para ser optimistas

**VALIOSO PUNTO** que sabe a pouco trala primeira parte, pero que se dá por bo ante un rival directo

| ORILLAMAR | 1 | 1 | RC VILLALBÉS B |
|---|---|---|---|
| Gol: Israel | | | Gol: Iago Gesto. |




**Árbitro:** Adrián García, Óscar Núñez e Jorge Domínguez

**"CONTENTO POLO PUNTO QUE SUMAMOS A PESAR DAS ADVERSIDADES. FELICITO AOS RAPACES POR DISPUTAR UN PARTIDO MOI BO"** IVÁN LAMAS - R. Villalbés B

O Racing Villalbés B mantivo na Coruña ante o Orillamar a súa boa dinámica das últimas xornadas pese a presentarse na Grela con cinco baixas e cos contratempos das lesións de Denis e Iago Gesto ao longo do encontro.

Pese a iso, aos de Iván Lamas sábelles a pouco o punto ante un rival directo pola permanencia, sobre todo trala primeira parte na que os chariregos xeraron moitas ocasións claras para chegar ao descanso con vantaxe, pero non atoparon o camiño do gol ante un Orillamar que tivo o balón pero xerou menos perigo.

A segunda parte presumíase que se faría longa para un Villalbés moi xusto de efectivos e o cambio obrigado de Denís no descanso por lesión. Tamén se tivo que retirar cun golpe Iago Gesto, pero antes de saír, el inaugurou o marcador ao rematar un centro de Miguel.

Con máis de media hora por diante o Orillamar encerrou ao Villalbés, que buscou defenderse e saír á contra para matar o partido. Buján tivo algunha chegada, pero sen excesivo perigo, e os minutos pasaban con cero a un no marcador ata que a falta de cinco para o final, o Orillamar empatou ao transformar un penalti.

**OS MELLORES**

**VILLALBÉS B**

| |
|---|
| GESTO |
| SANTI |
| DANI |

# O asedio final do Lugo rematou sen derruba en Vilagarcía

**TRALO EMPATE A DOUS E CON VINTE MINUTOS POR DIANTE** os de Dani Galán dominaron e buscaron o triunfo ante un Arosa pechado co aire a favor. Alesito e Luis asinaron os goles

| AROSA | 2 | 2 | CD LUGO |
|---|---|---|---|
| **Goles:** Alejandro e Hugo. | | | **Goles:** Alesito e Luis. |




**Árbitro:** Daniel Pastoriza, Enrique Álvarez e Pablo Barroso **Campo:** Manuel Jiménez, Vilagarcia



Andrés a piques de sacar de banda ante o banquiño albivermello nun partido na Cheda

**3**

**BAIXAS EN ATAQUE** Sen Lomba, sancionado, Jorge nin Borja, Dani Galán cambiou o sistema de xogo metendo tres centrais, con Gabri como referencia en punta

**1**

**XORNADA ANTES DO PARÓN** O Lugo despedirá o 2019 na casa recibindo ao San Tirso na Cheda antes do parón do Nadal. A volta será a fin de semana do 11 e 12 de xaneiro ante o Pontevedra a domicilio

Reparto de puntos en Vilagarcía entre Arosa e Lugo nun partido con alternancias no xogo e no marcador.

As ausencias en ataque de Lomba, Borja e Jorge obrigaron a un cambio de sistema que os de Dani Galán asimilaron moi ben desde os primeiros minutos, nos que tan só a falta de precisión nos metros finais evitou ocasións máis claras de gol.

Pese a iso, Alesito inaugurou o marcador moi pronto, aos once minutos, tras un bo desmarque de ruptura.

O Arosa viviu na primeira parte en ataque de accións de falta de contundencia dun Lugo que encaixou o empate tras un lanzamento de falta directa no que se abriu a barreira, e Víctor, gañándolle a partida a un dianteiro local, evitou o dous a un antes do descanso.

O partido púxose costa arriba ao comezo da segunda parte, co aire a favor para o Arosa e cun penalti aos dous minutos co que os locais adiantáronse no marcador.

Dani Galán variou o rumbo do encontro pasando a unha defensa de catro e acumulando xogadores que querían o balón no centro do campo para ter o control.

Á hora de xogo, Luís rematou un centro de Nodar no segundo pau para devolver as táboas ao marcador con vinte minutos por diante, tempo no que o Lugo dominou e tivo chegadas con centros, pero sen a contundencia necesaria nos metros finais para levarse os tres puntos ante un Arosa que terminou defendéndose e achicando balóns da súa área.

# O líder invicto tan só puido co Villalbés na segunda parte

**CERO A CERO AO DESCANSO,** pero co primeiro gol do Deportivo na segunda o partido desnivelouse

| DEPORTIVO B | 4 | 0 | RC VILLALBÉS |
|---|---|---|---|
| **Goles:** Hugo, Alexis, Manuel e Álvaro | | | |




**Árbitro:** Brais Rosende, Cristian Pose e Álvaro Núñez

**"MUY BUEN TRABAJO EL REALIZADO A NIVEL COLECTIVO DE TODOS LOS JUGADORES ANTE EL MEJOR EQUIPO DE ESTA CATEGORÍA"**

JANDRO NOVOA - Villalbés

**3**

**XORNADAS SEN MARCAR** O Rácing Villalbés, tralos empates a cero ante Lugo B e Estrada, caeu en Abegondo sen ver portería rival

O Rácing Villalbés suscitou batalla ante un Deportivo B que é líder invicto da Liga Galega cadete. Poucos equipos poden presumir de sair de Abegondo esta tempada coa cabeza alta como o fixeron os de Jandro Novoa pese ao catro a cero final.

A primeira parte terminou sen goles, pero, sobre todo nos primeiros vinte minutos, o Villalbés subiuselle ás barbas a todo un Deportivo. Cunha presión alta e efectiva, Javi, tras un remate de cabeza, e Anxo, cun disparo desde fóra da área, amagaron co cero a un. Pero como era de esperar, co paso dos minutos o Deportivo empezou a mover o balón e meteu ao Rácing no seu campo.

Diego luciuse con varias intervencións de mérito, entre elas un man a man para manter o cero a cero co que se chegou ao descanso. Xa na segunda parte a clave pasaba por manter a portería a cero, pero aos cinco minutos o Deportivo púxose por diante.

Jandro Novoa queimou as súas opcións con defensa de catro pero o Deportivo, co marcador a favor, foi superior e ampliou a vantaxe ata o catro a cero final espertando aos chairegos do soño dos puntos en Abegondo.

**OS MELLORES**

| RC VILLALBÉS | |
|---|---|
| DIEGO | 1 1 1 |
| CARLOS | 1 1 |
| ALBERTO | 1 |

# A Milagrosa pasa o cerroxo en defensa e en ataque

**SEGUNDO EMPATE CONSECUTIVO A CERO** e terceiro nas últimas catro xornadas para os de Madriles

| BERGANTIÑOS B | 0 | 0 | SDC MILAGROSA |
|---|---|---|---|




**Árbitro:** Pablo Rama, Manuel Espadín e Manu Rodríguez

**"LO IMPORTANTE A ESTAS ALTURAS DE TEMPORADA ES QUE SEGUIMOS SUMANDO Y ESO NOS VA A PERMITIR TENER NUESTRAS OPCIONES EN EL TRAMO FINAL DE TEMPORADA"**

MADRILES - Milagrosa

**1**

**DERROTA** nas últimas dez xornadas para unha Milagrosa que segue fixando coma obxectivo os play off de ascenso

Novo empate a cero para a Milagrosa na Liga Galega cadete, o segundo consecutivo e o terceiro nas últimas catro xornadas nas que os de Madriles, ante a falta de acerto en ataque, manteñen un goteo constante de puntos ao manter Borja o seu portería a cero.

A Milagrosa, que tan só perdeu un partido dos últimos dez disputados, segue co obxectivo posto en alcanzar unha das cinco primeiras prazas á marxe dos filiais para xogar o play off de ascenso.

En Carballo, ante o Bergantiños B, o partido foi soso xa que á marxe de non verse goles as ocasións tamén brillaron pola súa ausencia. Na primeira parte Borja detivo a máis clara para os locais, mentres que no segundo tempo, a Milagrosa axustou mellor a presión e tivo máis presenza en campo rival, con dúas ocasións claras para desnivelar o marcador por medio de Rafa e sobre todo cunha de Miguel, no que un defensa sacou o balón sobre a liña de gol.

No desenlace final, Borja salvou un punto con outra gran intervención.

**OS MELLORES**

| MILAGROSA | |
|---|---|
| BRAIS | 1 1 1 |
| MIGUEL | 1 1 |
| RAFA | 1 |

**Próxima xornada**

A Milagrosa despedirá o ano en Boiro, onde disputará o último encontro do 2019 antes do parón de Nadal.


O albivermello Dani fai un pase presionado por Javi


Raúl coa pelota a piques de encarar ao celeste Marco


Rosón a piques de controlar o esférico ante Bruno

# O Lugo B tamén aproveitou a vértixe do Viveiro a domicilio

**A CONTUNDENCIA DOS CAPITALINOS** desnivelou un derbi no que foron mellores, pero sen tanta suficiencia como indica o resultado final. Os mariñaos seguen sen puntuar fóra da casa

**CD LUGO B 5 | 0 VIVEIRO CF**

**Goles:** Manu, Raúl, Ayman, Rubén e Manuel..




**Árbitro:** Adrián Fernández Calvín, Ángel Rodríguez Cordero e Carlos Casas **Campo:** A Fonte

**OS MELLORES**

| CD LUGO B | VIVEIRO CF |
|---|---|
| - | LUCAS |
| - | CARLOS |
| - | HUGO |

O derbi Provincial da Liga Galega cadete desprazouse á Fonte, en Cospeito, onde o Lugo B quedouse cos tres puntos ante un Viveiro que segue sen sumar esta tempada a domicilio. O cinco a cero final semella excesivo, xa que é froito da contundencia nos metros finais dun Lugo B que, pese a ser superior, tivo momentos de angustio ante os celestes.

De inicio o encontro estivo marcado polo un a cero cando tan só se disputaron seis minutos de partido. Manu Ferreiro inaugurou o marcador cun lanzamento de falta directa poñendo o derbi de cara para os de Antón Méndez.

O Viveiro acusou o golpe, pero levantouse e por medio de Bruno e Lucas dispuxo das súas primeiras chegadas con perigo, pero sería Adrián, cun disparo ao poste, o que máis preto estivo de empatar de novo o encontro.

Cando mellor estaba o Viveiro, o Lugo B tirou de pegada e Raúl, cun disparo desde fóra da área, ampliou a diferenza para acougar o ímpetu celeste.

Ata o descanso o Lugo B, con dous a cero no marcador, xogou con tranquilidade e puido sentenciar o derbi na primeira parte con dúas claras ocasións por medio de Pérez e Róber.

O descanso veulle ben ao Viveiro, xa que nos vestiarios Sergio Iglesias cambiou o debuxo táctico do seu equipo, pasando a unha liña de tres centrais para ter máis presenza en campo rival. Un plan ao que tan só lle faltou a guinda do gol, xa que no primeiro cuarto de hora da segunda parte o Viveiro meteu ao Lugo B no seu campo e xerou ocasións para poder recortar distancias e volver meterse na loita polos puntos.

Pero de novo, cando máis preto estaban os celestes do gol, o Lugo B asestou un novo golpe ao encontro ao culminar Rubén un contragolpe e poñer terra polo medio no marcador co tres a cero.

Con pouco máis de vinte minutos por diante, esta vez o Viveiro xa non tivo capacidade de reacción e Manuel, ao transformar un penalti, e Ayman, cun bo gol desde fóra da área, levaron o marcador ata o excesivo cinco a cero nun derbi que se terminou co terceiro gol do Lugo B na segunda parte.

Na próxima xornada, a última do 2019, o Viveiro recibirá ao Estrada, colista, nun partido con tres puntos de ouro en xogo, mentres que o Lugo B intentará facerlles un favor aos equipos lucenses inmersos na loita pola permanencia ante o Calasanz B na Coruña.

**"SEGUIMOS EN LA MISMA LÍNEA COMO VISITANTES, NOS CUESTA MUCHO CONSEGUIR LOS PRIMEROS PUNTOS FUERA, POR LO QUE GANAN MÁS TRASCENDENCIA LOS ENCUENTROS DE CASA Y LA PRÓXIMA JORNADA TENEMOS UN PARTIDO MUY IMPORTANTE PARA TERMINAR LA PRIMERA VUELTA DE LA LIGA CON UN SUFICIENTE"** SERGIO IGLESIAS - Viveiro CF

**0**

**PUNTOS A DOMICILIO**
O Viveiro rematará o ano sen puntuar fóra da casa e a última oportunidade que terán de facelo na primeira volta será en Abegondo, á volta do parón

**1**

**DEBUT DE DOPICO**
O porteiro mariñao disputou os seus primeiros minutos esta tempada tras sustituír a David, que se retirou lesionado

**1**

**REGRESO DE PARGA**
O gardamallas sarriao volveu a ter minutos tras superar unha lesión que o tivo afastado do campo


Rosón e Brais felicitando a Manu Ferreiro tralo 1-0


Rober avanza co coiro entre os mariñaos Hugo e Marcos


Thesome a punto de disparar a porta ante Bruno


Antón co balón ante Adrián nun lance do xogo

# O Lugo sentenciou o derbi Provincial pola vía máis rápida

**2-0 AOS 5 MINUTOS DE XOGO E 4-0 AO DESCANSO.** Os capitalinos seguen instalados entre os oitos primeiros a falta de dúas xornadas para o remate da primeira fase da competición


Naim trata de frear o avance de Villa


Raúl V. a piques de controlar o esférico ante Xoel Pigueiras


Juan a piques de facer cun balón dividido ante Román


Adri avanza co balón tras superar a Anxo

**CD LUGO 4 – 1 SD VIVEIRO**

**Goles:** André (2), Dani e Jose

**Gol:** Adrián




**Árbitro:** Sadoum Bahia, Brais Piñeiro e Juan Fernández **Campo:** As Gándaras

**"EN TODOS LOS PARTIDOS REGALAMOS MINUTOS DE JUEGO. TENEMOS QUE CONSEGUIR SER MÁS REGULARES A LO LARGO DE LOS OCHENTA MINUTOS EN EL IMPORTANTE ENCUENTRO QUE TENEMOS LA PRÓXIMA JORNADA ANTE UN RIVAL DIRECTO EN CASA"** FIDI - SD Viveiro

**OS MELLORES**

| CD LUGO | | VIVEIRO CF | |
|---|---|---|---|
| - | 3 | X.PIGUEIRAS | 3 |
| - | 2 | IAGO VIEIRA | 2 |
| - | 1 | MATÍAS | 1 |

Vitoria express do Lugo no derbi Provincial da Liga Galega ante o Viveiro. Un partido que mediu logo de moitas tempada a capitalinos e celestes na máxima categoría do fútbol infantil e que se decantou para os albivermellos moi pronto.

O Lugo buscaba e conseguiu os tres puntos para seguir instalado entre os oito primeiros, corte que dá opción a loitar polo título Galego na segunda fase, mentres que o Viveiro presentouse nas Gándaras para seguir sumando puntos de cara á loita pola permanencia.

As formulacións durante a semana cambiaron de guión moi pronto para os dous equipos, xa que o derbi se desnivelou nada máis empezar. Aos cinco minutos o marcador xa era de dous a cero tralos goles de André na primeira acción na que o Lugo gañoulle as costas á defensa celeste, e co dous a cero de Dani, ao rematar no segundo pau un centro de Román.

Con cinco minutos de xogo e dous a cero no marcador o derbi quedou completamente condicionado, xa que o Lugo xogou con moita soltura e calma ante un Viveiro que non se atopou ao longo dos primeiros corenta minutos de xogo.

André volveu acudir á súa cita co gol para facer o tres a cero á media hora de partido, e Jose sentenciou completamente o derbi cunha acción marca da casa tras un bo desmarque e mellor definición cun remate coa diestra lonxe do alcance de Álvaro, para chegar ao descanso con catro a cero.

No intermedio, Fidi mostrou o seu malestar co xogo do equipo e fixo os catro cambios dos que dispoñía para este encontro, entre eles o do debutante Matías. Os trocos e a charla do descanso cambiaron un pouco o guión do encontro, pero o Lugo sempre tivo o partido baixo control.

Na recta final, Adri deixou o seu selo tamén no derbi ao maquillar o marcador final cun bo remate cruzado desde fóra da área para facer o definitivo catro a un.

**Próxima xornada**

Última do 2019 e penúltima da primeira fase. O Lugo necesita catro dos últimos seis puntos en xogo para asegurarse matematicamente unha praza entre os oito primeiros, e a próxima xornada viaxa a Carballo para medirse co Bergantiños, mentres que o Viveiro recibe ao Victoria nun partido con máis de tres puntos en xogo no Marcos Gómez.


Xole Pigueiras por diante dos albivermellos Lucas e Anxo


Álex a piques de despexar un balón por diante de X. Ferro


Raúl F. a piques de entrar na área seguido de Iago Vieira


O mariao Dani coa pelota por diante de Lucas

## A OUTRA XORNADA Por Emilio Rosanes

**UN NUEVO DICIEMBRE**

Cruzamos hoy el ecuador del último mes del año. Un mes de diciembre habitualmente acompañado del reencuentro no ya sólo con los seres queridos que han abandonado nuestro entorno en busca de su sueño, sino también un excelente momento para el reencuentro con uno mismo a través de la reflexión y del planteamiento de retos y propuestas para el nuevo año con el objetivo de intentar conseguir la mejor versión personal.

Un mes de diciembre que, en lo futbolístico, viene acompañado de polémicas que nunca nos hubiera gustado ver en nuestro deporte.

El desigual uso de un VAR, cuya aplicación en el rearbitraje de acciones dudosas dista notoriamente del criterio de absoluta imparcialidad que pretendía su implantación, así como la utilización política que se está realizando de nuestros escenarios y competiciones nacionales no son los mejores escenarios para una positiva evolución del fútbol nacional.

